

ORIENTACIÓN 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. A etapa da ESO:

A ESO (Educación Secundaria Obligatoria) é unha nova etapa educativa a continuación da Educación Primaria, que se cursa dende os 12 ós 16 anos. Estrutúrase en dous ciclos: o **primeiro ciclo** consta de tres cursos (1º, 2º e 3º), e o **segundo ciclo** consta dun só curso, 4º de ESO.

As **finalidades** desta etapa educativa son:

1. Adquirir unha cultura básica.
2. Formarse como cidadáns, cos seus dereitos e obrigas.
3. Desenvolver hábitos de estudo e de traballo.
4. Prepararase para incorporarse a estudos posteriores.

2. As materias que se estudan en ESO:

En cada curso da ESO hai un conxunto de materias chamadas **troncais (xerais e opcionais), específicas e de libre configuración**.

En cada curso de ESO deberás escoller entre **Relixión ou Valores Éticos**, e poderás cambiar esta opción cada ano, se o desexas.

Tamén deberás escoller unha materia de **libre configuración** en 1º e 2º de ESO, das que che oferta o centro:

Materia de libre configuración de 1º:

Consumo responsable
Educación financeira.
Investigación e tratamento de información.
Obradoiro de música.
Paisaxe e sustentabilidade en Galicia.
Programación.
Promoción de estilos de vida saudables.
Xadrez
Reforzo de Inglés.
Reforzo en Lingua Castelá e Literatura.
Reforzo en Matemáticas.

Materia de libre configuración de 2º:

Son as mesmas que en 1º excepto “obradoiro de música”, que non se oferta en 2º . Hai que escoller unha materia *distinta* da cursada en 1º.

No IES Nosa Señora dos Ollos Grandes ofrécense en 1º de ESO once materias e debes escoller unha delas:

Educación financeira.
Investigación e tratamento da información.
Obradoiro de música.
Paisaxe e sustentabilidade en Galicia.
Programación.
Promoción de estilos de vida saudables.
Reforzo en Inglés.
Reforzo en Lingua Castelá e Literatura.
Reforzo en Matemáticas.

A continuación faise unha pequena descrición de cada unha delas:



CONSUMO RESPONSABLE

Ten como obxectivo formar persoas consumidoras responsables, informadas, conscientes, críticas e solidarias, como unha forma de previr o consumismo excesivo e os seus efectos negativos para a sociedade e o ambiente.

A materia está organizada en catro grandes bloques:

- 1º Bloque: O consumo responsable e tipos de consumo.
- 2º Bloque: Identificación dos produtos a través da súa etiquetaxe.
- 3º Bloque: Publicidade dos bens e servizos de consumo.
- 4º Bloque: O exercicio dos dereitos das persoas consumidoras.

Educación financeira:

Contidos económicos básicos que permiten ao alumnado familiarizarse coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques:

O primeiro bloque fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento. O segundo bloque céntrase na planificación financeira persoal e familiar.

O terceiro bloque trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira.

Trátase de iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal.

Paisaxe e sustentabilidade en Galicia:

Serve de apoio importante para entender a xeografía partindo do entorno máis próximo.

A materia de Paisaxe e Sustentabilidade contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a una comunidade, a de sentir parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura.

Pretende afondar nas claves do desenvolvemento sustentable, baseado no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente, e tamén favorecer esta sensibilización mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha conciencia crítica sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos.

E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade; un feito que converteu a paisaxe nun dereito.

O currículo incide nomeadamente na aprendizaxe emocional, achegándonos ás paisaxes a través da súa vivencia; invita, xa que logo, a traballar coa emotividade do alumnado nas súas paisaxes cotiás, para tratar de entendernos a nós mesmos e os nosos vínculos co contorno, inducendo comportamentos e hábitos que garanten unha mellor calidade de vida desde os principios da sustentabilidade.

Programación:

Esta materia refírese a programación informática. Faise con ferramentas adaptadas ao alumnado: Scratch. Utilízase esta aplicación para levala a cabo.

A programación ten dous elementos importantes para o alumnado destes niveis. Un deles é que, sendo a programación algo estruturado, temos que planificar e organizarnos, tomar decisións, xa que un mesmo problema ou prantexamento ten varias opcións ou posibles solucións.

Por outra parte, esta materia é altamente motivante para o alumno ou alumna. Aprenden a facer diagramas de fluxo sen darse conta, contribuíndo así en gran medida ao desenvolvemento das competencias clave.

A informática desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque está integrada en case todas as tecnoloxías aplicadas para satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, Programación achégalle ao currículo a capacidade de analizar problemas e necesidades do mundo real, e a de deseñar algoritmos que os resolvan e que poidan aplicarse na construción de sistemas tecnolóxicos. Pero, ademais, a programación dota o alumnado de técnicas e habilidades que permiten aumentar as súas capacidades de análise e de resolución de problemas que, xunto coa potenciación da capacidade de innovación, proporcionan a esta materia unha gran relevancia educativa.

No desenvolvemento das tarefas propias da programación conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático. Daquela, o bloque «Diagramas de fluxo» trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo. O bloque «Programación por bloques» introduce un paradigma de programación que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas. O bloque «Programación web» introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.

Promoción de estilos de vida saudable:

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

O currículo divídese en dous bloques de contidos: "Actividade física e saúde" e "Alimentación para a saúde".

O bloque de contidos "Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa. Ademais, aborda de maneira sinxela o traballo no ámbito socioemocional de estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.).

O bloque de "Alimentación para a saúde" hábitos de alimentación e hidratación saudables a través do coñecemento dos alimentos e das bebidas, así como das súas proporcións máis adecuadas ás súas propias características e demandas enerxéticas, o alumnado debe aprender a avaliar de forma sinxela a súa inxestión e a instaurar un estilo de vida saudable a través da elaboración e a posta en marcha de dietas equilibradas, partindo de patróns alimentarios saudables, como as dietas atlántica e mediterránea. Procúrase tamén o desenvolvemento da capacidade crítica na compra de alimentos e bebidas, dotando de ferramentas que permitan facer unha análise crítica das etiquetas nutricionais.

No ámbito socioemocional, trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.).

Investigación e tratamento da información:

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia. A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede. A biblioteca, por outra parte, ten unha presenza líquida nos centros, na medida en que os seus recursos dixitais, e mesmo físicos, poden estar accesibles en todos os recunchos do centro, e na medida tamén en que o seu papel fundamental é o de apoiar os programas e os proxectos de centro, así como ao desenvolvemento do currículo.

Propóñense cinco bloques: o primeiro deles, «A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital», supón un achegamento á biblioteca escolar do centro (e a outras bibliotecas) e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole, cunha primeira aproximación á tipoloxía de fontes que se poden consultar e á maneira de facelo de xeito eficaz e con recoñecemento dos dereitos de autoría. Un segundo bloque, «Fontes informativas. Localización e selección», procura afondar nas estratexias de procura de información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso, con atención ás características da internet como medio

de información. O terceiro bloque, «Organizarse para investigar», revisa os primeiros pasos da elaboración dun traballo de investigación, en que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais. O cuarto bloque, «Procura e tratamento da información», afonda na necesidade de análise e valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior. Un quinto bloque, «Xeración de contidos e comunicación», aborda a reelaboración da información, un proceso no cal cómpre sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz. Recolle tamén este bloque aspectos relacionados coa avaliación do proceso realizado e a transferencia deste coñecemento á vida persoal, académica ou social do alumnado.

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.

A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as cales debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras.

É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

Obradoiro de música (de 1º):

A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia; está estruturada en bloques diferenciados nos que se alterna a escoita activa e a interpretación. En todo momento introdúcese a linguaxe musical como apoio documental para que o alumnado vaia incorporando esta nova linguaxe dunha forma eminentemente práctica.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical

contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, iniciándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe; a súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse tamén na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal e rítmica e no inicio á lectoescritura musical como recurso útil par fixar os conceptos lingüísticos.

Debido á idade na que está o alumando en 1º da ESO, hai que ter en conta os cambios fisiolóxicos que se producen no noso alumnado, tanto nos nenos como nas nenas. Nesta etapa vital do alumnado chega normalmente a muda da voz e todos os estudos realizados neste ámbito amosan a necesidade de traballar a voz dun xeito práctico, lúdico e continuo nesta etapa, polo que a práctica vocal será básica no desenvolvemento da materia, ademais, de propiciar a continuidade no alumando dente tipo de ferramentas.

Todo elo poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e coa creación artística aplicada á música.

Xadrez

Esta materia facilita a posibilidade de traballar en equipo en todos os bloques do currículo, para formular e resolver problemas de xadrez e outros. Para este fin, podemos dispoñer das ferramentas necesarias da tecnoloxía da información e comunicación que permitan a busca, presentación, almacenamento e publicación de información e que tamén facilitan a relación con outras persoas cando xogan a xogos en rede, desenvolvendo como competencia o sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

A materia de xadrez desenvolve as competencias clave como se detalla a continuación. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvólvese mediante o uso do vocabulario específico da materia, a realización da produción escrita e a exposición oral do razoamento lóxico ao que se chega en cada situación. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse especialmente coa resolución de problemas de calquera tipo mediante razoamentos lóxicos. Cómpre ter en conta que o xadrez e a competencia matemática están intimamente ligados pola súa propia natureza. A competencia dixital desenvolverase co uso frecuente das TIC na busca e almacenamento de información e coas aplicacións e programas de xadrez. Aprender a aprender é unha competición cunha forte presenza no xadrez, xa que esixe constantemente aos estudantes procesos de análise e reflexión. As competencias sociais e cívicas acadaranse a través da realización de actividades de forma cooperativa, procurando que os alumnos traballen en grupo e interactúen respectando as regras segundo o contexto no que se atopan. O sentido da iniciativa e o espírito emprendedor conséguese a través desta materia a través do desenvolvemento da creatividade, o esforzo persoal, a capacidade de análise, planificación, organización e toma de decisións, resolución de problemas, xestión de riscos, avaliación e autoavaliación, etc., que o xadrez en si implica. A conciencia e as expresións culturais funcionarán a través da análise da evolución

histórica do xogo e das diferentes tendencias artísticas nos deseños de pezas de xadrez ao longo da historia e en diferentes culturas.

Reforzo de Inglés.

Reforzo de Matemáticas.

Reforzo en Lingua Castelá e Literatura.

As materias de reforzo de Inglés, Matemáticas e Lingua Castelá e Literatura son para aqueles alumnos/as que presentan dificultades de aprendizaxe ou atraso nas mesmas. **NON SON DE AMPLIACIÓN.**

A avaliación destes reforzos estará integrada na materia que é obxecto de reforzo.

Os alumnos/as aos que se lles aplique a medida de exención de Segunda Lingua Estranxeira asistirán a un programa de reforzo específico de lingua e matemáticas; polo que poderán solicitar (si o desexan) o reforzo en inglés. No caso de estar exento da segunda lingua estranxeira, e presentar bo nivel en matemáticas, estudarase a posibilidade de recibir todo o reforzo en lingua.

3. Tutoría:

Cada grupo na Educación Secundaria Obrigatoria ten asignado un profesor tutor/a que ten as seguintes funcións:

Coordinar a avaliación e o proceso de aprendizaxe do alumno.

Servir de canle de comunicación entre os alumnos e os demais membros da comunidade educativa.

Orientar aos alumnos nas opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses.

Informar ás familias do desenvolvemento do alumno no centro.



O profesor titor/a ten unha hora semanal co seu grupo de alumnos para desenvolver o Plan de Acción Titorial con actividades relacionadas coa educación emocional, igualdade, valores, técnicas de estudo, orientación académica, etc..

O titor/a tamén ten asignada unha hora semana para titorías cos pais/nais. Dependendo do curso, realízanse unha serie de programas e actividades propostas polo Departamento de Orientación:

Técnicas de estudo

Habilidades sociais
Convivencia

Orientación vocacional
Trastornos alimentación.

Acoso Escolar.

Educación afectivo-sexual.

Redes sociais.

Prevención da violencia de xénero.

Outros.

O teu titor/a será unha figura moi importante ao longo da ESO, e aínda que pode cambiar en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cada vez que precises algún tipo de axuda ou información. Ó chegar ó Instituto, o teu **titor ou titora** axudarache a resolver todas as dúbidas que teñas, e será o teu guía para integrarte e adaptarte ao novo centro.

4. Avaliación e Promoción de curso:

Consiste en valorar se os alumnos acadan os obxectivos educativos establecidos nas diferentes materias. Esta valoración (que se reflexa nas notas) realízase trimestralmente polos profesores do grupo, coordinados polo titor ou titora. Os resultados que se fan constar no Historial Académico son os de final de Curso.

A valoración exprésase igual que en Primaria, mediante estas cualificacións numéricas:

Sobresaínte: 9 ou 10

Notable: 7 ou 8

Ben: 6

Suficiente: 5

Insuficiente: 4, 3, 2, 1

O alumno/a deberá ter aprobadas todas as materias para promocionar de curso. Poderase promocionar de curso cun máximo de 2 materias suspensas, sempre que non sexan Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas simultaneamente. As Xuntas de Avaliación decidirán en cada caso se un alumno/a pode promocionar con tres materias suspensas ou con dúas, aínda que sexan Matemáticas e Lingua Castelá ou Galega (excepcións recollidas pola lexislación) sempre que acadara as competencias para cursar con éxito o curso seguinte, e entre outros:

Respecto polas normas de convivencia do Centro e da aula.

Que non exista abandono dalgunha das materias segundo o protocolo establecido e rexistrado polo titor/a e profesor da materia, e comunicado á familia, ademais de coñecido pola xunta de avaliación nas correspondentes sesións de avaliación.

Asistencia regular a clase salvo motivos xustificados.

As materias pendentes de cursos anteriores contan tamén para a promoción. Ao rematar cada un dos cursos de ESO cada alumno recibirá un **Consello Orientador** do equipo de profesores con recomendacións sobre o itinerario a seguir no curso seguinte e o informe do grao de consecución das competencias.

5. Recuperacións:

No caso de suspender algunha materia nun trimestre terás a oportunidade de recuperala no seguinte. Se no 3º trimestre suspendes algunha materia deberás presentarte aos **exames de recuperación en SETEMBRO**.

No caso de promocionar ao seguinte curso con algunha suspenso deberás intentar recuperala tamén no curso seguinte mediante o seguemento que propoña o Departamento respectivo.

6. Titulación:

Unha vez rematada a ESO, os alumnos que superen todas as materias, ou suspendan un máximo de dúas, que non sexan Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas simultaneamente obterán o título de GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA. Este título permite o acceso ós seguintes estudos:

Bacharelato (2 cursos).

Formación profesional de grao medio (2 cursos).

Ensinanzas especiais: de artes plásticas e deseño e ensinanzas deportivas.

7. Medidas de atención á diversidade:

Ao longo de cada curso de ESO o Instituto organizará diferentes medidas de atención á diversidade para axudar aos alumnos no caso de que presenten dificultades de aprendizaxe. Estas medidas serán propostas polo profesorado en colaboración co Depto de Orientación, e poden ser:

- Exención de 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º.
- Adaptacións curriculares das materias.
- Reforzos.
- Agrupamentos.
- Desdobramentos.
- Integración de materias en ámbitos.
- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento.
- Apoio por parte do profesor/a de apoio.
- Medidas de aprendizaxe da lingua para o alumnado procedente do estranxeiro.

9. Avaliación inicial:

No mes de outubro, en todos os cursos de ESO, realizaranse actividades de avaliación inicial nas materias, co fin de coñecer os niveis de partida do alumnado. O fin desta avaliación é detectar o nivel de competencia curricular, os intereses, o estilo de aprendizaxe e as dificultades do alumnado, para partir dese coñecemento e que éstos acaden os mellores resultados posibles. Non é preciso preparar nada, tan só participar con interese e ilusión por comezar un novo curso.

10. Os horarios do Instituto

Terás un total de 32 sesións semanais de 50 minutos distribuídas ao longo da semana. A hora de entrada é ás 8:45 e a de saída ás 14:15. En todos os institutos hai clase unha tarde. No IES Nosa Señora dos Ollos Grandes son os luns, de 16:10 a 17:50 (dúas sesións). No IES ao longo da mañá haberá un recreo de 30 minutos (11:15-11:45).

Todo isto depende da situación que se poida derivar da Pandemia, en cuxo caso, habería que facer adaptacións.